

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZASETE DE SETEMBRO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a : MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día dezasete de setembro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (16/07/2009)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezaseis de xullo do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Acordo, se procede, sobre a designación dos días festivos locais para o calendario laboral 2010.

Dáse conta da comunicación núm. 1482/09 do Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se solicita a designación dos dous días festivos locais para determinar o calendario laboral para o ano 2010.

Dáse conta asimesmo da proposta da Comisión Informativa de Asuntos Xerais de designar como festivos o 20 de setembro, Día do Patio, e o 10 de decembro, día de Sta. Baia



O Pleno acorda aprobar a citada proposta, con 11 votos a favor do PSdeG-PSOE e PP e 2 abstencións dos grupos BNG e TEGA.

3º.- Acordo, se procede, sobre a aprobación provisional de modificación puntual núm. 1 do PXOM.

Considerando que con data 27 de maio de 2008 foi aprobado inicialmente por este Pleno o proxecto de modificación puntual número 1 do vixente PXOM, que afecta ó contorno dos cemiterios de varias parroquias deste concello.

Tendo en conta que no Diario Oficial de Galicia número 127, de data 2 de xullo de 2008; no xornal La Voz de Galicia, de data 6 de xuño de 2008; e no xornal El Correo Gallego, de data 6 de xuño de 2008, publicouse o anuncio polo que se expoñía ao público o mencionado proxecto sen que se presentasen alegacións no prazo de exposición.

Tendo en conta que se recabou informe das administracións sectoriais pertinentes que non introducen modificacións no proxecto inicialmente aprobado e que se emitiu informe polos Servizos Técnicos Municipais.

Realizada a tramitación legalmente establecida na vixente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, propónse a adopción do seguinte acordo:

1º.- Non introducir modificacións no expediente tramitado ó non terse presentado alegacións.

2º.- Aprobar provisionalmente o proxecto de modificación puntual (número 1) do vixente PXOM deste concello nos termos do expediente tramitado.

3º.- Unha vez dilixenciado elevar o expediente de modificación puntual do vixente PXOM á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta


4º.- Acordo, se procede, sobre a aprobación inicial do Regulamento do Servizo de Vertidos á Rede de Sumidoiros e o seu uso.

Dáse conta do regulamento do servizo de vertidos á rede de sumidoiros público polo que se establecen as condicións as que deberá axustarse o uso da rede de sumidoiros e das súas instalacións complementarias do Concello de Vedra.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que mantén a súa postura de absterse na votación por non ter tempo suficiente para estudar o mesmo. Di que a simple vista lle parece correcto, se ben nalgúns puntos parécelle que se cargan responsabilidades nos veciños, polo que prefiere absterse neste momento e esperar a exposición pública para presentar alegacións, de ser o caso.

Dona José Alvela de TEGA di que coincide plenamente co exposto pola voceira do BNG e polo tanto vai absterse á espera do estudio pormenorizado do mesmo e á súa aprobación definitiva.

O Sr. Martínez do PP adhírese ó exposto polos voceiros da oposición e di que efectivamente durante a exposición pública do acordo presentaran, de ser neces-



rio, as alegacións que estimen pertinentes, esperando chegar a un consenso entre todos na aprobación definitiva do regulamento.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que se trata dun regulamento marco e que espera que todos os grupos estean de acordo no momento da aprobación definitiva.

Posto a votación o citado regulamento apróbase con 6 votos a favor do PSdeG-PSOE e 7 abstencións dos grupos PP, BNG e TEGA.

5º.- Contestación a preguntas realizadas no Pleno anterior.

--Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG , a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre do acceso á información dos concelleiros, di que el cree que os funcionarios teñen un trato correcto tanto cos concelleiros coma con calquera administrado, e de feito só existe esa reclamación.

Di tamén que tampouco é necesario que pida por escrito a documentación, que pode chamar para que os distintos departamentos lla preparen e fixar unha hora . Se ben hai determinada documentación que non debe saír da casa do concello, pois xa se ten dado o caso de usala de malas maneiras

Dona Xosefina di que lle parece correcto o sinalado pola Presidencia e que ela só pide que existan uns criterios básicos para evitar malos entendidos

2º.- En canto ós rogos sobre do mantemento das áreas recreativas, di que en Agronovo non existe máis corrente ca do xenerador, e que hai que adaptarse ó que hai, e que a asociación de pescadores é a encargada da mesma e efectivamente, entende que está ben coidada e que a limitación do acceso dos vehículos xa se fai

--Ás preguntas do Sr. Martínez Carrillo do PP, a Presidencia di:

1.- Sobre da situación do problemas das vivendas de Xián -Trobe, di que en canto ó tema da auga o avogado da promotora, Sr. Curros, lle comunicou que Augas de Galicia non lle admitía á reclamación á promotora, que tiña que ser presentada pola Comunidade de Propietarios, ós que lle pasou toda a documentación da que dispoñían.

Polo que respecta ó tema de saneamento, di que vai ter unha reunión con Augas de Galicia, e que unha solución provisional, ata tanto non chegue alí á rede municipal, é instalar unha pequena depuradora e que os verquidos vaian a un regato próximo

2.- Sobre do estado das obras do campo de fútbol de O Coto, di que a Deputación xa comunicou a aprobación do plan e que comezarase coa súa licitación

3.- Sobre da estrada de Vedra -Santa Lucía, di que como xa saben todos o 22 procederase ó levantamento do resto das actas e que empezaran de inmediato. Di tamén que saiu a concurso o proxecto do tramo de San Xián (Ponte das Cabras) ata a N-525

4.- En canto ó tema das obras de saneamento pendentes, di que están todas feitas menos a de Paradela, o estar pendente das obras da estrada



5.- Sobre do Miradoiro de Sales, di que intentouse localizar ós novos propietarios, e que a última dirección era de Madrid, e que a oficina xa non está na mesma e que se seguirá a investigar.

6.- En canto ás obras da estrada Oza- Cibran, di que están a rematar.

Á pregunta formulada polo Sr. Costa sobre da duplicidade dos tubos da auga, di que xa se corrixiu e o que se fixo foi máis obra de saneamento.

6º.- Rogos e preguntas.

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG, formula as seguintes rogos e preguntas:

1º.- No pleno de xullo, constestouseme á pregunta sobre a licenza municipal da depuradora do complexo inmobiliario de Xián, en Trobe, que a depuradora existente non tiña licenza municipal:

- dirixiuse o concello formalmente á empresa promotora para solucionar esta situación?

- cómo é que, sen constancia dun correcto funcionamento do saneamento se deron oito licenzas de primeira ocupación?

2º.- No mesmo pleno contestábaseme que non se concederán as catro licenzas restantes mentras non se resolva o problema do complexo: qué está a facer o concello para que se resolva, habida conta de que ten a responsabilidade de non ter vixiado que estivera todo correcto cando se concederon as outras oito licenzas?

3º.- Por qué non empezou aínda a construción da nova depuradora? Cando foi a última vez que se dirixiu o concello por escrito á promotora?


4º.- En maio deste ano deuse conta da Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2008. O expediente que se xuntou á Comisión Informativa correspondente ía acompañado dun Informe de Intervención que dicía que, habida conta de que o orzamento 2008 se liquidou cun remanente de tesourería negativo por importe de 224.577,97 e non se adoptaron as medidas previstas na Lei para solucionalo, se estaba incumprindo o obxectivo de estabilidade establecido na Lei Xeral de Estabilidade Presupostaria, e facía constar a necesidade de elaborar un Plan económico-financieiro, que xa foi ordenado por Resolución de Alcaldía de data 5 de maio de 2008. Indica que este Plan debía ser aprobado polo Pleno no prazo de 3 meses dende a aprobación da liquidación do orzamento, que tivo lugar o 2 de febreiro de 2009, prazo xa vencido, e senón, antes do 31 de outubro. Cómo vai solucionar o grupo de goberno este tema? Está traballando xa a Concellaría de Economía neste asunto, ou hai outras formas de solucionar a situación?

5º.- Con qué data se recibiu a autorización escrita da Dirección Xeral de Patrimonio para iniciar as obras do Campo da Festa de San Miguel de Sarandón?

6º.- Solicito que o concello inicie un diálogo co veciño dono das terras, antes masa común de San Miguel de Sarandón, ao lado da Casa de Cultura, habida conta de que a sentenza que lle outorga a propiedade é firme e de que era o terreo de que dispoñía a parroquia para equipamento deportivo.

Intervén a Presidencia e di que a sentenza é de fai máis de dous anos e o concello ó non ser parte no procedemento non tivo nunca coñecemento de a situación.

Di que a sentenza é firme e que tanto dende o concello como dende a AA.VV se intentou chegar a un acordo co propietario, pero que non é fácil, e que a única solución posíbel é que dado que no PXOM figura como equipamento deportivo



, preparar un proxecto deportivo e comezar os trámites para unha posible expropiación

En canto á pregunta anterior sobre da autorización de Patrimonio para levar a cabo as obras do FEIL no campo da festa de San Miguel, di que o proxecto conxunto das obras previstas no campo se presentou na Delegación Provincial de Cultura, e no mes de xullo o informe foi negativo a espera de facer determinados cambios no mesmo. Que xunto co técnico municipal tiveron unha reunión para tratar de explicar os cambios que se solicitaban no informe e que segundo lle comunicaron o proxecto estudíase o vindeiro mércores 23.

7º.- Solicito tamén que o concello convoque as prazas pendentes de convocatoria nas últimas ofertas de emprego .

--Don Manuel Costa do PP, formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Volvemos a solicitar que se lle continúe sufragando dende o concello os custos de subministro eléctrico do local social de San Xián, tal e como pedía a Asociación de Veciños.

2º.- Solicitamos tamén que se arranxen os problemas de subministro eléctrico na casa de cultura A Cruza.

3º.- Sr. Alcalde, cando se van a iniciar as obras de saneamento en Paradela xa contratadas polo concello?

4º.- Segundo comentarios nas obras que se están a executar na pista de Cibrán a Oza en San Xián de Sales, tan só van a asfaltar as marxes da pista resultantes da ampliación. Que hai de certo nisto? O noso grupo solicita que se faga o asfaltado de todo o vial incluída a parte que restaba ata o cruce do campo da festa.

5º.- En varias comisións de obras anteriores quedouse en incluír nun plan de obras o ensanchamento da pista que une a CP 8203 e San Fins, pasando por A Torre, acordando pospoñela ata que se colocara o saneamento. Agora que está colocado saneamento, rogamos que se inclúa nun dos vindeiros plans esta obra que une as dúas parroquias.

6º.- Que pasou coa instalación de antena de telefonía móbil no monte entre San Xián e San Fins no sitio no que, en principio, non daba problemas porque non hai casas cerca e sí podía ofrecer un gran servizo a moitos veciños deste concello que viven en zonas mais baixas e con problemas de cobertura?

--Don Carlos Martínez, do PP, formula as seguintes rogos e preguntas:

1º.- En relación ó local social do campo da festa do Souto, en San Fins, e por cuxas obras xa se interesou este grupo municipal do PP nun Pleno anterior e que se iniciaron finalmente este verán queríamos saber: en qué data teñen previsto rematalas? En qué data teñen previsto que esté dispoñible para o seu uso polos veciños? De qué servizos vai a dispoñer en canto a baños, auga, recollida de residuos, electricidade, calefacción, etc? Está contemplada algunha dotación para equipamento e mobiliario deste local?

2º.- En relación a distintas pistas e vías:

- o asfaltado da pista Nande-A Torre, en qué data está prevista que se realicen as obras? Inclúe este asfaltado algunha ampliación do ancho desta vía?

- Está prevista algunha actuación no tramo A Torre-carretera Vedra/Santa Lucía (conexión á altura da casa do carteiro)



- En relación coa carretera da Gaiosa a San Miguel, existe algún proxecto para facer unha nova ponte sobre o ferrocarril? De non ser así, rogamos se inicien os trámites para dotala nun futuro inmediato dada a súa actual perigosidade.

- Rogamos igualmente que as pistas que baixan hacia o centro de Merín, e cheas de gravilla, e por tanto tremendamente perigosas, sexan limpadas por quen corresponda.

-Cándo se vai a asfaltar a pista que pasa polo medio da aldea de Neira de Abaixo en San Mamede, e que está nunhas condicións lamentables?

-Igualmente na aldea de Socastro rogamos fagan unha cuneta de cemento dende a casa de Penide ata pasar a casa de Orlando xa que por esa cuneta pasa un regato que leva moita auga e se non está sempre limpa, desborda.

3º.- Existen moitas masas comúns de monte que están con moita maleza, sen limpar, e que supoñen un perigo evidente en todas as parroquias. Por iso, solicitamos ao Concello que as limpe si é a súa responsabilidade e, si é doutras administracións que faga todas as xestións necesarias para que se limpen de forma e maneira inmediata.

4º.- Cómo está o tema de ter unha cobertura do 100% do TDT en Vedra? Rogamos se axilice o máximo posible todas as actuacións que se teñan que realizar para que se garantice á xente de Vedra o acceso á TV.

5º.- a marquesiña de Rozadela xa fai máis dun ano que ten os cristais rotos a pesares de pedir dende o presente grupo municipal do PP reiteradas veces que se arranxara. Cándo a pensan arranxar? En decembro de 2010?

6º.- En qué situación está a instalación dun ascensor na casa cultural de Santa Cruz?

7º.-Vista a acta da sesión do grupo de goberno de oito de setembro, en relación ao procedemento de apelación do contencioso-administrativo contra dona Mª Teresa Presas Álvarez, en qué situación está dito contencioso? Houbo xa sentenza de apelación? De habela, cal foi o sentido da mesma?

8º.- Rogamos que a farola que hai no campo da festa de San Pedro e que quedou desconectada despois da festa, e que segue sen funcionar a día de hoxe, se arranxe xa.

--Don José Alvela, do TEGA, formula as seguintes preguntas:

1º.- Si a UTE (15885, sl e Promociones Malloak, sl) está ó corrente co concello respecto ós pagos realizados á empresa Urbe Plan polo proxecto de sectorización que se está realizando en sistema de cooperación conforme as determinacións establecidas no PXOM de Vedra?

2º.- Si dende o concello nos poden desmentir ou confirmar a posible execución de embargo a esta Ute por parte dunha entidade bancaria do terreo que dispoñen no parque empresarial de Vedra?

Tamén queremos facer fincapé no que o noso grupo defendía en canto ó prazo de realización do Plan sectorial que era totalmente inviable. O tempo estamos a dar a razón, dado que o prazo sinalado vaise a superar con creces.

3º.- A Deputación Provincial da Coruña e Caixa Galicia saíu na prensa dicindo que organizarían unha serie de sesión informativas con todos os concellos coruñeses referente ós fondos que están ó seu alcance, asesorar en trámites de solicitude, anticipar o cobro e completar o financiamento europeo para culminar o proxecto que se poña en marcha para o período obxecto do convenio 2007-2013,



relacionado coa converxencia a compatibilidade rexional, o emprego e a cooperación territorial (achegamos información adicional)

-Se esta información a ten o concello, e de tela, se hai algún proxecto en marcha relacionado con este tema tan interesante?

-En abril de este ano aprobouse na Xunta de Goberno unha achega económica á Fundación para o desenvolvemento da Comarca de Santiago destinada ó financiamento das actuacións do proxecto Ultreia por importe de 15.079 euros. En que consisten as actuacións do proxecto Ultreia?. O noso concello en que se beneficia destas actuacións?

7º.- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión

--Intervén Inocencio Álvarez da AA.VV. de Santa Cruz, e en primeiro lugar manifesta a impresión dos veciños da parroquia de ser unha parroquia segregada do concello. Ademais roga que se rematen as obras do muíño de Castelláns.

Conclúe ó fio das vinte e unha horas e trinta e cinco minutos

